



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	12 de abril de 2018
Duración	Desde as 13:01 ata as 13:52 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL LOPEZ CASAS
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
76770220S	MANUEL LOPEZ CASAS	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	NON
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. RAFAEL PENABAD GONZALEZ: «Motivos persoais»		

Asiste a Adxunta a Secretaría **Dona M.^a Dolores Fernández Salgado**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección ás actas das sesións celebradas os días 28/12/2017, 22/03/2018 e 06/04/2018. Sometidas a votación **resultan aprobadas por unanimidade as actas referidas.**

Expediente 2375/2018. Dedicacións, Retribucións e Indemnizacións dos Membros da Corporación

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Sra Secretaria da lectura á **Proposta de Alcaldía** de data 09/04/2018, do seguinte teor literal:

"Mediante providencia de Alcaldía de data 09/04/2018 dispúxose a emisión de Informe de Secretaría sobre a normativa aplicable e o procedemento a seguir para o recoñecemento da dedicación parcial ao Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas que se emitiu con data 09/04/2018.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Á vista do citado informe de data 09/04/2018, así como do informe de Intervención de data 09/04/2018, esta Alcaldía, desde o punto de vista da organización interna, considera que o cargo de Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas necesita dunha dedicación parcial coas retribucións que iso supón.

Por todo iso,

PROPOÑO

PRIMEIRO. Determinar que o cargo de Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, que consonte Decreto de data 6 de abril de 2018 corresponde desempregar a Don Ricardo Sieiro Opazo realice as súas funcións en réxime de dedicación parcial polos seguintes motivos: a complexidade deste Concello, as múltiples actuacións urbanísticas, numerosos servizos existentes, e sabendo por experiencia que o cargo de Concelleiro de obras, urbanismo e infraestruturas que desempreguei durante varios anos esixe a presenza efectiva no Concello un mínimo de 35 horas semanais.

SEGUNDO. Establecer a favor do Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, e outorgalle as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

O cargo de percibirá unha retribución mensual bruta de 1900 €.

As citadas retribucións non serán compatibles co percibo de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do Concello.

TERCEIRO. Ordear a publicación do acordo plenario no BOP da Provincia de Ourense e no Taboleiro de anuncios deste Concello, e na sede electrónica do Concello. "

A continuación o Sr Alcalde da paso a primeira quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** comeza a súa intervención dando a benvida ó novo concelleiro e felicitando ó novo alcalde, desexándolle moito éxito e ofrecendo o apoio do seu grupo. Lamenta que a súa primeira intervención sexa a relativa á aprobación da dedicación parcial do novo concelleiro, a cal considera que non ten sentido dado que o volume de obra do Concello de Xinzo de Limia é testemuña nos orzamentos, que as licenzas de obra xestiónanse polos técnicos, pondo de manifesto a maiores a nula política urbanística levada a cabo por este Concello, motivo polo que dubida que nun ano se cambie de política. Asemade, realiza dúas puntualizacións ó respecto, a primeira, relativa a que a dedicación parcial sexa cun mínimo de 35 horas, do que se infire que é para compatibilizar un traballo privado, e a segunda, relativa a que no informe de intervención se di que hai consignación suficiente na partida e comprobado o orzamento non é certo.

O **Sr Manuel Pérez Campos** comeza a súa intervención dándolle os parabéns do seu grupo tanto ó concelleiro como o novo alcalde. Continúa a súa intervención salientando o feito de que o novo concelleiro na prensa manifestou que viña a Xinzo polo seu amor a esta vila, sen embargo, coa dedicación obxecto de debate o que se pon de manifesto é que ven a esta vila en defensa dos seus propios intereses, dado que a maiores os outros concelleiros non cobran. En canto ás 35 horas de dedicación, salienta o feito de que o Alcalde actual nunca cobrou dedicación cando era concelleiro de urbanismo, e que a maiores, o novo concelleiro non é un técnico nesta materia, e todo elo sen prexuízo de que o número de horas establecido é para deixar as portas abertas a un traballo privado.



Concello de Xinzo de Limia

A **Sra. Elvira Lama Fernández** comeza a súa intervención dando a benvida ó concelleiro e o novo alcalde como fixeron os outros concelleiros. Sinala que non considera que estea xustificada a dedicación polos motivos expostos na proposta de resolución da alcaldía pois ó seu criterio non son certos, respondendo en realidade a citada dedicación á necesidade que ten o grupo de goberno deste concelleiro para sustentar a maioría. Puntualiza que quen debería ter a dedicación é o alcalde, se ben neste caso non é posible pois está xubilado e debería renunciar á pensión. Engade que no seu día apoiou a dedicación que se concedeu ó concelleiro Luís Miguel Gil Penín por considerala xustificada ó estar á fronte dunha macro concellería, sen embargo, non pode estar de acordo coa que se lle outorgou anteriormente á concelleira de persoal, dedicación que ascendía a unha contía de 1700 euros, por non facer nada e cando non foi quen nin de sacar unha RPT, ata o punto de que esta concelleira de persoal indicou no xulgado que as decisións sempre as tomara o señor Alcalde. Asemade, puntualiza que este concello conta con dous arquitectos e unha apareladora. Por todos estes motivos expostos é polo que considera que a dedicación obxecto do presente debate responde a unha negociación co concelleiro, que se ben é lícita e legal, sen embargo, non responde ó interese do pobo tal e como explicou na prensa o novo concelleiro, motivo polo que anuncia o voto do seu grupo en contra, puntualizando que coincide co portavoz do grupo mixto no que se refire as dúbidas sobre o informe de intervención.

O **Sr Manuel Cabas López** comeza a súa intervención reiterando o desexo do señor alcalde relativo a reforzar o consenso coa oposición, pero hoxe non é momento. Recoñece que a oposición esta no seu dereito de criticar a dedicación que se debate ó novo concelleiro, se ben recórdalles que a maioría dos concellos de Galicia contan con dedicacións tanto para os postos de alcalde como de concelleiro. Defende a dedicación proposta para o novo concelleiro por mor do tempo que lle vai ter que dedicar a súa concellería dado que o obxectivo da mesma agora e adecentar as vías de Xinzo, pregándolle á oposición que non poña en dúbida a xestión que vai facer o mesmo cando aínda non comezou, recordándolle a algún dos concelleiros presentes que na Deputación tamén cobran un salario, e do mesmo modo, o novo concelleiro que deixou o seu emprego e o seu fogar para vir a Xinzo a traballar ten dereito a poder cobrar a citada dedicación, motivos todos eles polos que anuncia o voto a favor.

O **Sr Alcalde** da paso a segunda quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** intervén para criticar o argumento recorrente esgrimido polo grupo de goberno relativo a que noutros concellos existen dedicacións, dado que dito argumento non lle sirve ós veciños de Xinzo que son os que van a pagar a dedicación. Asemade sinala que o non apoio do seu grupo á citada dedicación non responde a dúbidas sobre a capacidade da persoa do concelleiro senón que responde á nula existencia dunha política de urbanismo que non é merecedora de dita dedicación, dado o que non se fixo en trinta anos non se pode facer agora nun ano, motivos todos eles polos que anuncia o seu voto en contra.

O **Sr Manuel Pérez Campos** tamén intervén reiterando o exposto polo concelleiro Ramiro no sentido de que non se pode xustificar unha dedicación polo feito de que outros Concellos contan con ela. Aclara que non dubida da valía da persoa, senón da capacidade do partido popular para que faga algo neste concellería. Por último, anuncia o seu voto en contra pois a dedicación responde ó feito de poder manter a maioría absoluta do grupo popular neste concello.

A **Sr Elvira Lama Fernández** intervén manifestando que se ben é certo que noutros concellos hai dedicacións, igualmente certo é, que as mesmas outórganse para quen ten que asumir unha grande responsabilidade. Entende que o Sr. portavoz estivo desacertado cando xustificou a

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

dedicación no obxectivo ambicioso de adecentar a cara de Xinzo, e engade que cando aluden ós outros concellos para xustificar a existencia de dedicacións, non teñen en conta a situación urbanística de moitos deles (Carballiño, Verín, Allariz, Montealegre, e O Barco, entre outros) que é de envexar en relación o estado da vila de Xinzo, que crea regaño, entendendo que agora ca dedicación en catorce meses non é posible "adecentar", como di o portavoz, a vila de Xinzo de Limia dende o punto de vista urbanístico. Por todos os motivos expostos anuncia o seu voto en contra da dedicación dado que entende que non está xustificada e porque non lle sae gratis ós veciños.

O **Sr Alcalde** remata a quenda de intervencións indicando que pola súa experiencia na concellería de urbanismo é certo que neste Concello é preciso dedicar moito tempo a mesma dado a complexidade que ten, e que o novo concelleiro ó incorporarse en dita concellería asume moitas funcións que requiren unha dedicación diaria dado que ten que solventar os problemas que existen todos os días vencellados con dita concellería. Sinala que para el supuxo unha gran satisfacción persoal traballar nesa concellería e que espera que o novo concelleiro o faga ben. Engade que no resto do mandato que queda, gracias ó Alcalde de Vigo que pelexou con Montoro conseguíuse que podamos investir 2.200.000 euros en inversións. Puntualiza que uns membros cobran dietas e outras dedicacións, estando o límite máximo destas últimas nos concellos de mais de 10.000 habitantes en 51.005 euros/ano, contía moi alonxada da proposta, sendo cinco como máximo o número de concelleiros que poden cobrala. Neste caso, a corporación considera procedente compensar as funcións que vai ter que realizar o Sr Sieiro. En relación ó informe de intervención, aclara que existe unha bolsa de vinculación. Seguidamente realiza unha exposición das contías que se abonan en moitos concellos da provincia de Ourense por dedicacións exclusivas, as cales son moi superiores á contía que se propón neste punto a abonar ó sr concelleiro de urbanismo en concepto de dedicación parcial, engadindo que si se suman as contías da dedicación outorgada ó concelleiro Luís Miguel Gil Penin e ó Concelleiro Ricardo Sieiro Opazo acadan menos de 42.000 euros, o que pon de manifesto que estamos moi lonxe de chegar as cantidades que se cobran noutros concellos, recordando as verbas do Alcalde do Barco de Valdeorras quen dixo que "*el trabajo en política hay que compensarlo*". Recorda ó plenario que dita dedicación non responde a compromiso algún de comprar a ninguén senón de compensar o traballo que ten que desenvolver o sr Concelleiro de urbanismo. Para rematar anuncia unha serie de obras cuxa contía vai financiar a Deputación, adiantando asemade que se está negociando con Fomento a fin de que aporte a contía necesaria para facer unha nova fase na Avenida de Madrid, e engade que se está a levar a cabo unha negociación co presidente da Confederación para eliminar as fosas sépticas en varios núcleos rurais de Xinzo, proxectos todos eles nos que se está traballando e nos que o concelleiro de urbanismo ten moito traballo que facer para así como mínimo mellorar o traballo feito na citada concellería.

Tras o debate, ***a proposta de acordo resulta aprobada favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (8+1, o Alcalde)), e cos votos en contra dos concelleiros do grupo municipal Socialista (3), dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), adoptándose o seguinte acordo:***

PRIMEIRO. Determinar que o cargo de Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, que consonte Decreto de data 6 de abril de 2018 corresponde desempeñar a Don Ricardo Sieiro Opazo realice as súas funcións en réxime de dedicación parcial polos seguintes motivos: a complexidade deste Concello, as



Concello de Xinzo de Limia

múltiples actuacións urbanísticas, numerosos servizos existentes, (...) o cargo de Concelleiro de obras, urbanismo e infraestruturas (...) esixe a presenza efectiva no Concello un mínimo de 35 horas semanais.

SEGUNDO. *Establecer a favor do Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, e outorgalle as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da seguridade social, debendo asumir esta corporación o pago das cotas empresariais que corresponda. O cargo de percibirá unha retribución mensual bruta de 1900 €.*

As citadas retribucións non serán compatibles co percibo de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do Concello.

TERCEIRO. *Ordear a publicación do acordo plenario no BOP da Provincia de Ourense e no Taboleiro de anuncios deste Concello, e na sede electrónica do Concello.*

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DESIGNACION TENENTES DE ALCALDE:

Tómase razón do Decreto da Presidencia de data 06/04/2018 do seguinte tenor literal:

"DECRETO DA ALCALDÍA - DESIGNACIÓN DE TENENTES DE ALCALDE

De conformidade co disposto nos arts. 21.2 da lei 7/85, de 2 de abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro,

RESOLVO

1.- Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía aos seguintes Concelleiros:

1ª Tenencia de Alcaldía: D. Manuel Cabas López.

2ª Tenencia de Alcaldía: D. Teresa Puga Iglesias

2.- Por virtude do art. 23.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, pola orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia o enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.

3.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

- 4.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.
- 5.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.
- 6.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día da data."

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E FIXACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS

Tómase razón do Decreto da Presidencia de data 06/04/2018 do seguinte tenor literal:
"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E FIXACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS
De conformidade co disposto nos arts. 20.1 b) e 23.1 da lei 7/85, de 2 de abril; e 35.2.d) e 112. 3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/a:
D. Manuel Cabas López.
D^a . Teresa Puga Iglesias
D^a M^a Dolores Calvo López.
D^a Silvia Blanco Cuquejo.
D. Carlos Gómez Salgado.
- 2.- Indicar que se manterán as delegacións de competencias segundo o establecido en decreto de data 13 de xuño de 2015.
- 3.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.
- 4.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.
- 5.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.
- 6.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución .
- 7.- A Xunta de Goberno Local celebrará reunión ordinaria con periodicidade semanal, ás doce horas do primeiro día útil da semana que corresponda, tomando como referencia para o inicio do cómputo a mesma

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

semana á da data en que este órgano deliberante e resolutorio se constituía, sen prexuízo das de carácter extraordinario que a Presidencia estime oportuno convocar cando a conveniencia de resolver asuntos propios da competencia deste órgano así o aconselle."

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DELEGACIÓN COMPETENCIA XENÉRICA:

Tómase razón do Decreto da Presidencia de data 06/04/2018 do seguinte tenor literal:

"-DECRETO DELEGACIÓN COMPETENCIA XENÉRICA

De conformidade coo disposto nos arts. 21.3 y 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Electoral, e de conformidade cos arts. 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVO

PRIMEIRO: DELEGACIÓNS XENÉRICAS.

1) Delegar a área de Obras, Urbanismo e Infraestruturas no Concelleiro D. Ricardo Sieiro Opazo.

2) Indicar que non se modifican as restantes delegacións realizadas por decreto de data 13 de xuño de 2015 e decreto de data 7 de setembro de 2017. As delegacións son xenéricas e conlevarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e de xestionalos, en xeral, aínda que non leva engadida a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO: Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción da notificación da presente Resolución.

TERCEIRO: Remitir o Decreto de nomeamento al Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da data."

DACIÓN DE CONTA DE ESCRITOS DOS MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DESIGNANDO VOCEIROS E MEMBROS DE COMISIÓNS INFORMATIVAS:



Concello de Xinzo de Limia

Tómase razón dos seguintes escritos do Grupo Popular relativos á designación de voceiro do seu grupo e a designación dos membros das Comisións Informativas do seu grupo:

* Escrito de data 06/04/2018 dos concelleiros/as electos/as do Partido Popular (PP), que tivo entrada no Concello na data 06/04/2018 (nº 2018-E-RC-2875), no que dan conta de que o Voceiro do Grupo Municipal Popular é D. Manuel Cabas López, e voceiro-suplente a D. Carlos Gómez Salgado.

* Escrito de data 09/04/2018 dos concelleiros/as electos/as do Partido Popular (PP), que tivo entrada no Concello na data 09/04/2018 (nº 2018-E-RC-2913), do seguinte teor literal:

"(...) Visto acordo plenario de data 26/6/2015 no que se acordou que todas as comisións terían 11 membros e que en cada unha delas grupo municipal popular contaría con 6 membros (incluído o alcalde).

Vista a renuncia do titular de Alcaldía ós cargos de Alcalde e Concelleiro.

Visto que don Ricardo Sieiro Opazo tomou posesión do cargo de Concelleiro no pleno de data 6 de abril de 2018 e manifestou a súa vontade de formar parte do grupo municipal popular.

Visto que don Manuel López Casas tomou posesión da Alcaldía en data 6 de abril de 2018 pasando a ser presidente nato de todas as comisións informativas.

Visto que tras estos acontecementos, unha serie de comisións informativas contan unicamente con dez membros dos que unicamente 5 son do grupo municipal popular (incluído o alcalde).

Os membros do grupo municipal Don Manuel López Casas, Don Manuel Cabas López, Dona Teresa Puga Iglesias, Dona María Dolores Calvo López, Dona Silvia Blanco Cuquejo, Dona Montserrat Lama Novoa, Don Carlos Gómez Salgado, Don Luís Miguel Gil Penín, e don Ricardo Sieiro Opazo popular manifestan que é a súa vontade que os seguintes concelleiros pasen a cubrir o posto que figura vacante en cada unha das seguintes comisións:

OBRAS, URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

D. Ricardo Sieiro Opazo.

MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

D. Carlos Gómez Salgado.

PERSONAL, REXIME INTERNO E TRÁFICO

Dª Silvia Blanco Cuquejo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E BENESTAR

D. Carlos Gómez Salgado.

TURISMO, COMERCIO, PROMOCIÓN ECONÓMICA E FACENDA

D. Manuel Cabas López.

En relación a Comisión informativa de cultura, festexos, xuventude e educación, os membros do grupo popular manifestan a súa vontade de realizar unha variación a maiores da anteriormente exposta, de xeito que os seguintes concelleiros pasaran a representar ó grupo na mesma:

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, FESTEXOS, XUVENTUDE E EDUCACIÓN

D. Manuel López Casas (presidente nato), D. Manuel Cabas López, Dª María Teresa Puga Iglesias, Dª María Dolores Calvo López, D. Carlos Gómez Salgado, D. Luís Miguel Gil Penín. (...)"

Será Presidente nato de todas elas o Sr. Alcalde, Manuel López Casas.

Visto o escrito de data 11/04/2018 dos concelleiros/as electos/as do Partido Popular (PP), que tivo entrada no Concello na data 12/04/2018 (nº 2018-E-RC-3051), do seguinte teor literal:

"(...) En data 09/04/2018 con rexistro de entrada n.º 2913, presentouse escrito de designación de membros das comisións informativas do Grupo Municipal Popular do



Concello de Xinzo de Limia

seguinte teor literal:

“ Visto acordo plenario de data 26/6/2015 no que se acordou que todas as comisións terían 11 membros e que en cada unha delas grupo municipal popular contaría con 6 membros (incluído o alcalde).

Visto a renuncia do titular de Alcaldía ós cargos de Alcalde e Concelleiro,

Visto que don Ricardo Sierio Opazo tomou posesión do cargo de Concelleiro no pleno de data 6 de abril de 2018 e manifestou a súa vontade de formar parte do grupo municipal popular

Visto que don Manuel López Casas tomou posesión da Alcaldía en data 6 de abril de 2018 pasando a ser presidente nato de todas as comisións informativas.

Visto que tras estes acontecementos, unha serie de comisións informativas contan unicamente con dez mebrros dos que unicamente 5 son do grupo municipal popular (incluído o alcalde))

Os membros do grupo municipal Don Manuel López Casas, Don Manuel Cabas López, Dona Teresa Puga Iglesias, Dona María Dolores Calvo López, Dona Silvia Blanco Cuquejo, Dona Montserrat Lama Novoa, Don Carlos Gómez Salgado, Don Luis Miguel Gil Penín, e don Ricardo Sieiro Opazo popular manifestan que é a súa vontade que os seguintes concelleiros pasen a cubrir o posto que figura vacante en cada unha das seguintes comisións:

OBRAS. URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS

D. Ricardo Sieiro Opazo

MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

D. Carlos Gómez Salgado

PERSONAL, REXIME INTERNO E TRAFICO

D^a. Silvia Blanco Cuquejo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E BENESTAR

D. Carlos Gómez Salgado

TURISMO. COMERCIO. PROMOCIÓN ECONÓMICA E FACENDA

D. Manuel Cabas López

En relación a Comisión informativa de cultura, festexos, xuventude e educación, os membros do grupo popular manifestan a súa vontade de realizar unha variación a maiores da anteriormente exposta, de xeito que os seguintes concelleiros pasaran a representar ó grupo na mesma:

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, FESTEXOS, XUVENTUDE E EDUCACIÓN

D. Manuel López Casas (presidente nato), D. Manuel Cabas López, D^a María Teresa Puga Iglesias, D^a María Dolores Calvo López, D. Carlos Gómez Salgado, D. Luis Miguel Gil Penin. “

Habida conta que no citado escrito incurriuse nun erro de transcripción ó omitir un cambio na composición da comisión de *Obras, Urbanismo e Infraestruturas*, dado que a maiores de que o presidente nato da citada comisión sea D. Manuel López Casas, e que D. Ricardo Sieiro Opazo pase a integrar a mesma, non se recolleu o cambio relativo a que Dona Silvia Blanco Cuquejo pasa a integrar a citada comisión de *Obras, Urbanismo e Infraestruturas*, e por iso, non forma parte da mesma en virtude deste cambio D. Carlos Gómez Salgado, todo o cal infórmase ós efectos de que no plenario que ten lugar o día



Concello de Xinzo de Limia

de hoxe se de conta de ditos extremos ós efectos oportunos.

Asemade, e a fin de evitar novo erros, seguidamente se procede a transcribir os membros do Grupo Municipal Popular que integrarán as comisións informativas tras a renuncia do titular de Alcaldía ós cargos de Alcalde e Concelleiro, sendo a súa composición a seguinte:

COMISIÓN DE OBRAS, URBANISMO E INFRAESTRUTURAS.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

RICARDO SIEIRO OPAZO (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

COMISIÓN DE CULTURA, FESTEXOS DEPORTE, XUVENTUDE E EDUCACIÓN.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

LUÍS MIGUEL GIL PENÍN (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LOPEZ (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

MANUEL CABAS LOPEZ (PP)

COMISIÓN DE TURISMO, COMERCIO, PROMOCIÓN ECONÓMICA E FACENDA.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

MANUEL CABAS LOPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

COMISIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E BENESTAR.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

COMISIÓN DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E TRÁFICO.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

COMISIÓN DE COMUNICACIÓN, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, PROTOCOLO E NOVAS TECNOLOXÍAS.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)

MONTSERRAT LAMA NOVOA (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

COMISIÓN DE MEDIO RURAL, PEDANÍAS DESENVOLVEMENTO AGRARIO E INDUSTRIAL, E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

MANUEL LOPEZ CASAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP) . (...)”

Acto seguido a **Secretaría** do Concello fai entrega a tódolos membros do Pleno dunha copia da nova composición das Comisións Informativas, que queda do seguinte xeito:

COMISIÓN DE OBRAS, URBANISMO E INFRAESTRUTURAS.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)

RICARDO SIEIRO OPAZO (PP)

MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSOE)

RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSOE)

MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)

FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)

RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto -BNG)

COMISIÓN DE CULTURA, FESTEXOS DEPORTE, XUVENTUDE E EDUCACIÓN.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)

LUÍS MIGUEL GIL PENÍN (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LOPEZ (PP)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

MANUEL CABAS LOPEZ (PP)

RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSOE)

EVA ORO VILLARINO (PSOE)

MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)

XOSÉ MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)

RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE TURISMO, COMERCIO, PROMOCIÓN ECONÓMICA E FACENDA.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)

CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)

MANUEL CABAS LOPEZ (PP)

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)

MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ(PP)

SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)

EVA ORO VILLARINO (PSOE)

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSOE)



Concello de Xunzo de Limia

MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
XOSÉ MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)
MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
JOSÉ ALBERTO MARTÍNEZ MORALES (PSOE)
ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSOE)
MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E BENESTAR.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)
SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSOE)
JOSÉ ALBERTO MARTÍNEZ MORALES (PSOE)
MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E TRÁFICO.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)
TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSOE)
RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSOE)
MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
XOSÉ MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE COMUNICACIÓN, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, PROTOCOLO E NOVAS TECNOLOXÍAS.

MANUEL LÓPEZ CASAS (PP) (Presidente)
MONTSERRAT LAMA NOVOA (PP)
MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
EVA ORO VILLARINO (PSOE)
JOSÉ ALBERTO MARTÍNEZ MORALES (PSOE)
MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
XOSÉ MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

COMISIÓN DE MEDIO RURAL, PEDANÍAS DESENVOLVEMENTO AGRARIO E INDUSTRIAL, E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

MANUEL LOPEZ CASAS (PP) (Presidente)
MARÍA DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
EVA ORO VILLARINO (PSOE)
JOSÉ ALBERTO MARTÍNEZ MORALES (PSOE)
MANUEL PÉREZ CAMPOS (XINZO ADIANTE)
FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (XINZO ADIANTE)
RAMIRO RODRIGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xunzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xunzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112